

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 19/2024**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 5 de Febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de Febreiro de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de Febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 11 de xaneiro de 2024 Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña (COATAC), polo que se resolve a súa solicitude do 21 de decembro de 2023, de acceso ás dietas, gastos e suplidos abonadas a cada un dos membros da Xunta de Goberno saínte das eleccións do ano 2020, honorarios abonados polo Colexio a letrado, procuradores e peritos intervenientes nos procedementos xudiciais PO 181/2021, Recurso de Apelación 4371/2022, Procedemento de Execución Provisional 13/2023 e na interposición de recurso de casación e as custas xudiciais a que foi condenado o Colexio.

XXX indicaba que o motivo de que se lle denegase o acceso á información solicitada foi que trátase dun acto de execución orzamentaria e que non se atopa suxeito á Lei de Transparencia, polo que o Colexio non está obrigado a facilitar a información. Indica o reclamante que a Lei 19/2013, establece os límites ao dereito de acceso non atopándose entre eles os actos de execución orzamentaria. O Colexio efectúa unha remisión á Memoria Anual, en cuxo epígrafe 10.3 figuran os importes recibidos polos membros do órgano de administración e no que figura unha contía en concepto de soldos, dietas e outras remuneracións, pero en ningún momento se le indica o importe abonado a cada un dos membros da Xunta de Goberno, que é o que foi solicitado. A denegación se xustifica ademais en que os gastos, dietas e suplidos foron aprobados pola Xunta Xeral dentro dos orzamentos, que considera o reclamante que nada ten que ver coa solicitude efectuada, non sendo relevante quen aprobase os

orzamentos, senón que o que se solicita que se desagreguen as dietas abonadas a cada un dos membros da Xunta de Goberno.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada asinada con certificado electrónico.

Segundo. Con data do 6 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña (COATAC) para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 15 de Febreiro de 2024 o Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña (COATAC) contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que a resolución remitida ao reclamante, está amparada polo informe xurídico emitido pola Asesoría Xurídica do Colexio do 26 de decembro de 2023, e se lle deu información mais ala do cumprimento estrito das obrigacións legais en materia de transparencia, co fin de que tivese un coñecemento directo e ampliado sobre todo o que preguntaba, en lugar de inadmitir a solicitude a pesar de que non se atopaba amparada polo dereito de acceso á información pública.

Indica que os Colexios Profesionais teñen unha natureza mixta e tan só poden considerarse como públicas unha parte do total de funcións que desempeñan, sendo o resto funcións dirixidas ao interese particular, e unicamente están sometidas á normativa de Transparencia as primeiras.

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Supremo que cita e distintas resolucións de órganos de garantía en materia de Transparencia, as retribucións percibidas polos máximos responsables dos colexios profesionais non poden entenderse como unha actividade suxeita a Dereito Administrativo ao ter os acordos económicos e patrimoniais dos colexios profesionais unha evidente natureza privada, non podendo incardinarse no exercicio das funcións públicas. As retribucións non deixan de ser un acto de execución orzamentaria que pertence á esfera privada dos Colexios e non resulta accesible en virtude do dereito de acceso.

A pesar do anterior, o Colexio deu acceso á información solicitada polo reclamante por canto se lle redireccionou ao sitio web onde está publicada toda a información esixida, en concreto no epígrafe 10.3 da Memoria Anual, figuran as remuneracións satisfeitas por asistencia a Xuntas, gastos de viaxe, asignacións para comisións e asistencia a actos oficiais, así como, e con relación ao resto da información solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resolución impugnada ditouse con data do 11 de xaneiro de 2024 e a reclamación se interpuxo o 5 de febreiro de 2024, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante presentou unha solicitude de acceso ao importe das ás dietas, gastos e suplidos abonadas a cada un dos membros da Xunta de Goberno saínte das eleccións do ano 2020, honorarios abonados polo Colexio en determinados procedementos xudiciais, e considera que non se lle da resposta ao solicitado por canto se lle fai unha remisión á Memoria Anual, na que non se reflicte o importe abonado a cada un dos membros da Xunta de Goberno, que é o que foi solicitado.

Como ben indica o informe co Colexio, e como destacou o Tribunal Constitucional na súa sentenza 89/1989, do 11 de maio, reiterada en pronunciamentos posteriores, como a sentenza 3/2013, do 17 de xaneiro, os colexios profesionais teñen unha natureza mixta ou bifronte, xa que constitúen unha típica especie de corporación, recoñecida polo Estado, dirixida non só á consecución de fins estritamente privados, que podería conseguirse coa simple asociación, senón que perseguen outros dirixidos esencialmente a garantir que o exercicio da profesión, que constitúe un servizo ao común, se axuste ás normas ou regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade.

Por tanto, realizan unha actividade en gran parte privada, aínda que teñan delegadas pola Lei funciones públicas, nas que a súa orixe, organización e funcións non dependen só da vontade dos asociados, senón tamén, e en primeiro termo, das determinacións obrigatorias do propio legislador. O carácter complexo do réxime xurídico dos Colexios Profesionais e a falla de uniformidade do sistema, implica necesariamente que debe adaptarse á natureza pública ou privada en función da actividade que desempeñe o Colexio en cada momento.

Do conxunto de funcións que teñen encomendadas os Colexios Profesionais polo artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, só poden considerarse como públicas unha parte do total das que desempeñan, isto é, aquelas funcións que o Estado encomenda ou delega nestes entes, como pode ser a representación e defensa dos intereses do sector ante as diferentes Administracións con competencias na materia, a regulación da profesión, a colaboración destas Corporacións coas Administracións públicas para o exercicio de funcións relacionadas co sector, as funcións que lle puidera delegar a Administración, etc.. dado que o resto son funcións dirixidas ao interese particular. Deste xeito, pódese soste que só o exercicio das devanditas funcións públicas é o que se suxeita a Dereito Administrativo.

Esta particular natureza e funcións impón analizar cada actuación colexial concreta para determinar se queda suxeita a Dereito público e por tanto á normativa de transparencia, xa que de acordo co disposto no artigo 3.1. c) da Lei 1/2016 e 2.1.e) da Lei 19/2013, unicamente están sometidos á Lei de Transparencia no referente ás súas actividades sometidas a dereito administrativo. Como indica o Colexio no seu informe, de acordo coa xurisprudencia dos nosos Tribunais e as resolucións dos órganos de garantía en materia de Transparencia, debe considerarse que si que constitúe actividade colexial suxeita a normativa de transparencia as funcións que as Administracións encomendan ou delegan nestes entes, como poida ser a representación e defensa dos intereses do sector ante as diferentes Administracións con competencias na materia, a regulación da profesión, a verificación de requisitos de acceso á profesión e no seu caso de colexiación obrigatoria, as actuacións relativas á deontoloxía profesional, redacción de normas ou códigos deontolóxico e a colaboración destas Corporacións coas Administracións públicas para o exercicio de funcións relacionadas co sector ou outras funcións que lle puidera delegar a Administración.

A sentenza do Tribunal Supremo do 18 de xullo de 2008 estableceu que con relación aos altos cargos do Colexio, si que é esixible o acceso á información das retribucións percibidas polos altos cargos e máximos responsables das entidades (Decanato ou presidencia do Colexio ou órganos similares), pero sen que se inclúa nelas as axudas de custo, que forma parte da súa actividade interna non sometida a dereito administrativo e non entran no concepto estritamente considerado de retribucións.

De acordo co anterior, e con independencia de que por parte do Colexio se lle proporcionara ao interesado mais información da que lle é esixible proporcionar de acordo coa normativa de Transparencia, procede a desestimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por XXX con data do 5 de Febreiro de 2024, contra a Resolución do 11 de xaneiro de 2024 Colexio Oficial de Arquitectura Técnica da Coruña (COATAC), polo que se resolve a súa solicitude do 21 de decembro de 2023, de acceso ás dietas, gastos e suplidos abonadas a cada un dos membros da Xunta de Goberno saínte das eleccións do ano 2020, honorarios abonados polo Colexio a letrado, procuradores e peritos intervinientes nos procedementos xudiciais PO 181/2021, Recurso de Apelación 4371/2022, Procedemento de Execución Provisional 13/2023 e na interposición de recurso de casación e as custas xudiciais a que foi condenado o Colexio.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.